

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG14I0B0	CON/48/2019	17-02-20 12:01

Número 31 .- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020".

Destinatario

15078DCMG14I0B0Y



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 17 de febreiro de 2020, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 31 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "EXECUCIÓN DAS OBRAS DEFINIDAS NO PROXECTO MODIFICADO DENOMINADO "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 6 de febreiro de 2020, da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2020/53 de data 17.2.2020.

A dita proposta é do seguinte teor literal:

**"Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira delegada de urbanismo, vivenda, cidade histórica e acción cultural, en relación á licitación "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410B0	<i>Expediente</i> CON/48/2019	<i>Fecha</i> 17-02-20 12:01

virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 31 de xaneiro de 2020, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA.

Segundo: Con data 6 de febreiro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L e UTE CLARA CAMPO AMOR SANTIAGO DE COMPOSTELA (CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO & ARINES OBRAS Y PROYECTOS), por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado das súas condicións económicas.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA (CIF: A81638108), por un importe de 1.155.192,13 euros (IVE aparte 21%: 242.590,35 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra titulado superior con dedicación total, dous técnicos adicionais, unha caseta acondicionada para reunións a disposición do Concello, unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e unha ampliación do 1% nas medidas de control de calidade e control ambiental.

Corresponde a supervisión deste contrato ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a este cometido ao arquitecto Diego Briega Argomániz.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 60900 2019 2 EDUSI 2 1."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0B0	<i>Expediente</i> CON/48/2019	<i>Fecha</i> 17-02-20 12:01

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

**Primeiro:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L e UTE CLARA CAMPO AMOR SANTIAGO DE COMPOSTELA (CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO & ARINES OBRAS Y PROYECTOS), por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado das súas condicións económicas.

**Segundo:** Adxudicar o contrato de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020" a favor da empresa ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA (CIF: A81638108), por un importe de 1.155.192,13 euros, (IVE aparte 21%: 242.590,35 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra titulado superior con dedicación total, dous técnicos adicionais, unha caseta acondicionada para reunións a disposición do Concello, unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e unha ampliación do 1% nas medidas de control de calidade e control ambiental.

Corresponde a supervisión deste contrato ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a este cometido ao arquitecto Diego Briega Argomániz.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 60900 2019 2 EDUSI 2 1.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada

CONCELLO DE  
SANTIAGO

